

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia plena para a regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que a desenvolven, de conformidade co artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia.

O Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e a Orde do 12 de marzo de 2013 de desenvolvemento deste, modificada parcialmente pola Orde do 25 de xaneiro de 2017, articularon desde o ano 2012 o procedemento de admisión do alumnado en centros docentes públicos e privados concertados para garantir o dereito á educación e o acceso en condicións de igualdade.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, introduce nesta varios cambios, entre outros, os que afectan os criterios de admisión e a súa ponderación. Neste punto, a modificación supuxo, basicamente, fixar novos criterios de admisión como o de alumnado nado de parto múltiple, a condición de vítima de violencia de xénero e de terrorismo, así como establecer un cambio na súa ponderación, pois ningún pode superar o 30 % da puntuación máxima, agás o criterio de proximidade do domicilio ao centro docente, que si pode superar este limiar.

Noutras cuestións como a regulación das áreas de influencia, prevé a participación das administración locais na súa determinación e, en canto á composición da comisión de escolarización, menciona de forma explícita o principio de representación equilibrada de homes e mulleres (artigo 86 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).



A necesidade de incorporar á normativa autonómica sobre admisión os cambios introducidos na lexislación estatal, e a conveniencia de efectuar unha reestruturación e actualización dos contidos, delimitando aspectos xerais do procedemento de escolarización do alumnado, xustifican a elaboración do presente decreto, que derroga o anterior Decreto 254/2012, do 13 de decembro.

O presente decreto está estruturado en catro capítulos, cun total de dezoito artigos, dúas disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O capítulo I, coa rúbrica «Disposicións xerais», refírese a aspectos básicos da admisión, tanto no relativo aos centros como ao alumnado, concretamente regula: as áreas de influencia, articulando a participación da Administración local na súa determinación a través dos consellos escolares municipais; a adscrición dos centros docentes; a admisión do alumnado, a garantía de permanencia, a prioridade do procedente do centro adscrito e a preferencia por estudos.

O capítulo II, coa rúbrica «Criterios de admisión e a súa puntuación» regula os criterios a ter en conta para determinar a orde de prelación, así como a súa puntuación e o criterio de desempate.

O capítulo III, relativo ao «Procedemento de escolarización», regula na sección 1ª os órganos competentes no procedemento, a composición e as funcións das comisións de escolarización, mencionando explicitamente o principio de representación equilibrada de homes e mulleres.

A sección 2ª do capítulo III, baixo a epígrafe «Tramitación do procedemento de escolarización», refírese ao procedemento de admisión ordinario e á adxudicación de prazas e o procedemento de escolarización extraordinaria, perfilando os supostos máis habituais de escolarización extraordinaria unha vez iniciado o curso escolar.

O capítulo IV do Decreto, sobre «Reclamacións e recursos», regula as reclamacións e recursos fronte aos acordos e resolucións en materia de admisión de alumnado.

Así mesmo, o presente decreto respecta os principios da boa regulación (artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), pois, por unha banda, responde á necesidade de incorporar á normativa autonómica sobre admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos as



modificacións legislativas introducidas na lexislación estatal e, por outra banda, leva a cabo unha reestruturación na normativa anterior, coa finalidade de acadar unha maior accesibilidade, simplicidade e transparencia, pero mantendo substancialmente a regulación de fondo, en canto é acorde coa lexislación vixente, e resulta idónea e adecuada para regular satisfactoriamente o acceso do alumnado ao centro docente onde se fará efectivo o dereito á educación, respectando os principios de proporcionalidade e de seguridade xurídica.

De acordo co previsto no artigo 41.2 e 42.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a iniciativa normativa estivo exposta en consulta pública previa e en trámite de información pública a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto. Ademais, foi sometida a informe de impacto demográfico, de impacto de xénero e de sustentabilidade financeira e, así mesmo, a informe do Consello Escolar de Galicia e ao informe de legalidade da Asesoría Xurídica Xeral.

En consecuencia, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, en uso das facultades conferidas na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co Consello Consultivo de Galicia e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do tres de febreiro de dous mil vinte e dous,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Este decreto ten por obxecto regular os criterios e o procedemento de admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no marco dos principios xerais do artigo 1 da devandita lei.

Artigo 2. *Áreas de influencia*

1. A área de influencia para os centros docentes públicos e privados concertados do mesmo concello é o conxunto de todos os enderezos catastrais aos cales se dá a máxima



puntuación polo criterio de proximidade ao centro docente do domicilio familiar ou do lugar de traballo das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras.

2. A persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación delimitará as áreas de influencia dos centros e as limítrofes destas, logo de informe da inspección educativa, e oídos os consellos escolares municipais, a xunta provincial de directores, a persoa que represente as organizacións de titulares dos centros privados concertados máis representativas e a Comisión Interdepartamental de Coordinación do Proceso de Implantación do Sistema de Transporte Público Integrado de Galicia. De non estar constituído o consello escolar municipal, darase audiencia ao concello ou concellos afectados.

3. Para determinar as áreas de influencia terase en conta que exista un centro docente público e a súa capacidade, a poboación que hai que escolarizar no seu contorno e, sempre que sexa posible, incluírá un centro privado concertado.

4. As resolucións que delimiten ou modifiquen as áreas de influencia e limítrofes terán unha vixencia de 5 anos prorrogables, sen prexuízo da súa modificación en calquera momento, en función dos postos escolares e da poboación escolar da zona.

5. As resolucións polas que se delimiten ou modifiquen as áreas de influencia e limítrofes publicaranse antes do inicio do correspondente procedemento de admisión ordinario na páxina web da consellería competente en materia de educación e manteranse expostas durante todo o proceso.

6. Nos centros docentes que impartan bacharelato, a delimitación das áreas poderá realizarse para cada unha das modalidades.

Artigo 3. *Adscrición de centros docentes*

1. A adscrición de centros docentes permite escolarizar o alumnado que remata a etapa educativa nun centro noutro, en que continuará a seguinte etapa sen necesidade dun novo procedemento de admisión.

2. A persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación poderá adscribir os centros docentes públicos de educación infantil a centros públicos en que se imparta educación primaria, e os centros públicos en que se imparta educación primaria a centros públicos en que se imparta educación secundaria obrigatoria, e estes úl-



timos aos centros en que se imparta bacharelato, logo de informe da inspección educativa, e oídos os consellos escolares municipais, a xunta provincial de directores e a Comisión Interdepartamental de Coordinación do Proceso de Implantación do Sistema de Transporte Público Integrado de Galicia. De non estar constituído o consello escolar municipal, darase audiencia ao concello ou concellos afectados.

Os centros públicos adscritos a outros que imparten etapas diferentes consideraranse centros únicos para aplicar os criterios de admisión do alumnado. Para estes efectos, o concepto centro único abrangue unicamente o centro adscrito e o centro de adscrición do nivel inmediato superior.

3. Logo de solicitude dos centros privados concertados, a persoa titular da xefatura territorial poderá adscribir os centros de educación infantil a centros concertados de educación primaria, e estes a centros concertados que impartan educación secundaria obrigatoria, sempre que se encontren na mesma área de influencia. Así mesmo, cando estes centros impartan ensinanzas de educación secundaria obrigatoria en unidades concertadas, poderán adscribirse a centros públicos que impartan bacharelato.

Cando o centro privado concertado non presente a indicada solicitude de adscrición ou cando non exista un centro a que adscribilo na mesma área de influencia, a persoa titular da xefatura territorial, oídos os centros afectados, poderá acordar a súa adscrición a centros docentes públicos.

Para os efectos de adscrición nos centros privados concertados, o número de prazas entenderase referido ao número de unidades concertadas con que contén.

Artigo 4. *Admisión de alumnado en centro*

1. Para acceder por primeira vez a un centro docente, o alumnado deberá reunir os requisitos de idade e, se é o caso, os académicos exixidos polo ordenamento xurídico vixente, para o nivel educativo e curso a que pretende acceder.

2. Non poderá condicionarse a admisión ao resultado de probas ou exames, agás para os niveis ou ensinanzas en que así o estableza a normativa de aplicación.

3. Nos centros públicos que ofrezan varias etapas educativas, realizarase a admisión ao comezo da que corresponda á de menor idade.



4. Nos centros privados concertados que impartan varias etapas educativas, a admisión realizarase no curso concertado correspondente á menor idade.

Artigo 5. Admisión de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

1. A admisión de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, en que non estea regulado pola súa normativa específica, rexerase polo presente decreto e a orde que o desenvolva, garantindo unha axeitada e equilibrada escolarización e as medidas necesarias para evitar a segregación do alumnado por razóns socioeconómicas ou doutra natureza.

2. Favorecerase a admisión do dito alumnado en centros ordinarios, e só cando as ditas necesidades non se poidan atender no marco das medidas de atención á diversidade, escolarizarase en unidades ou centros de educación especial.

3. Mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de educación establecerase a proporción de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que pode escolarizarse en cada un dos centros sostidos con fondos públicos; con esta finalidade, resérvase ata o final do prazo de matrícula un mínimo do dez e un máximo dun quince por cento de postos escolares por unidade.

Artigo 6. Garantía de permanencia no centro

1. Unha vez admitido o alumnado no centro docente, queda garantida a súa permanencia nel ata a finalización das ensinanzas sostidas con fondos públicos que o centro estea autorizado a impartir, sen prexuízo do dereito das familias a que soliciten a admisión noutro centro. Polo tanto, a variación de curso, ciclo ou etapa non require novo procedemento de admisión, agás que coincida cun cambio de centro, sen prexuízo do establecido para os centros docentes adscritos.

2. O alumnado con garantía de permanencia perderá esta cando resulte admitido con carácter definitivo noutro centro.

Artigo 7. Prioridade do alumnado procedente de centro adscrito

O alumnado que remate unha etapa educativa nun centro docente adscrito terá prioridade para continuar estudos no centro de adscrición en que exerza o seu dereito de reserva, respecto do alumnado que solicite a admisión.



Artigo 8. Preferencia por estudos

O alumnado que curse simultaneamente ensinanzas regradas de música ou danza e ensinanzas de educación secundaria terá preferencia, respecto do alumnado que solicite a admisión e non teña prioridade por proceder dun centro adscrito, para ser admitido nos centros que determine a persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación. Aplicarase o mesmo tratamento ao alumnado que siga programas deportivos de alto rendemento.

CAPÍTULO II**Criterios de admisión e a súa puntuación****Artigo 9. Criterios de admisión do alumnado e puntuación**

1. Nos centros docentes sostidos con fondos públicos onde non haxa postos escolares suficientes para atender todas as solicitudes de reserva e/ou de admisión, para determinar a orde de prelación do alumnado, teranse en conta os seguintes criterios:

a) Por unha irmá ou un irmán matriculados no centro: oito puntos; polo segundo e seguintes, dous puntos por cada un, co máximo de catorce puntos.

b) Proximidade ao centro docente do domicilio familiar ou do lugar de traballo.

1º. Por proximidade do domicilio familiar: se está na área de influencia do centro, oito puntos; se está en áreas limítrofes á área de influencia do centro, catro puntos.

2º. Por proximidade do lugar de traballo: se está na área de influencia do centro, seis puntos; se está en áreas limítrofes á área de influencia do centro, tres puntos.

c) Por renda per cápita da unidade familiar. A puntuación, por referencia ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) do exercicio fiscal a que corresponde a renda, será a seguinte:

1º. Se é inferior a 0,5 veces o IPREM: tres puntos.

2º. Se é igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: dous puntos.

3º. Se é igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM: un punto.



4º. Se é igual ou superior ao IPREM: cero puntos.

d) Por persoa proxenitora, titora ou acollidora traballadora do centro docente tres puntos, con independencia de que traballen ambas.

e) Por familia numerosa: de categoría especial, tres puntos; de categoría xeral, dous puntos.

f) No caso de irmáns nados dun parto múltiple, sempre que soliciten o mesmo centro, corresponderanlles oito puntos se son dous e dez puntos se son máis de dous.

g) No caso de familia monoparental: dous puntos.

h) Por discapacidade igual ou superior ao 33 % dos membros computables da unidade familiar, a puntuación indicada a seguir co máximo de catro puntos:

1º. Alumno/a: catro puntos.

2º. Calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras, ou o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade á persoa proxenitora: tres puntos.

3º. Calquera das irmás ou dos irmáns: un punto por cada un.

Así mesmo, terá esta consideración a percepción da pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

i) Por condición de vítima de violencia de xénero de calquera dos membros computables da unidade familiar: dous puntos.

j) Por condición de vítima de terrorismo de calquera dos membros computables da unidade familiar: dous puntos.

k) Por criterio complementario, consistente en circunstancias relevantes apreciadas xustificadamente polo órgano competente do centro, de acordo con criterios obxectivos, que terán que publicar antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión: un punto.



l) Polo expediente académico para ensinanzas de bacharelato a puntuación será a seguinte:

1º. Nota media de sobresaliente: dous puntos.

2º. Nota media de notable: un punto.

3º. Por nota media de ben: medio punto.

2. O momento e a forma de alegar e acreditar os criterios de admisión será o que se estableza mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de educación.

3. En caso de empate na puntuación total resolverase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos criterios de baremo referidos, seguindo a mesma orde do punto 1 deste artigo. De manterse o empate, resolverase por sorteo público na forma que estableza a orde que desenvolva este decreto.

CAPÍTULO III

Procedemento de escolarización

Sección 1ª. Órganos competentes

Artigo 10. *Consellos escolares e titulares dos centros privados concertados*

1. O órgano competente para decidir sobre a admisión do alumnado nos centros públicos é o seu consello escolar, con suxeición á Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a este decreto e ás normas que o desenvolvan.

2. Nos centros privados concertados, a titularidade do centro será a responsable para decidir sobre a admisión do alumnado. O consello escolar do centro participará no proceso, garantindo a súa suxeición ás normas que o regulan.

3. Os acordos do consello escolar e das persoas titulares dos centros privados concertados sobre admisión serán obxecto de publicación no taboleiro de anuncios no interior do recinto escolar ou de notificación ás persoas interesadas polos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Artigo 11. *Comisións de escolarización*

1. As persoas titulares das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de educación poderán constituír comisións de escolarización de ámbito municipal, coa finalidade de garantir e supervisar o cumprimento das normas sobre admisión de alumnado e de propoñer a adopción das medidas oportunas para a adecuada escolarización de todo o alumnado.

2. As comisións de escolarización constituíranse, en todo caso, cando a demanda de prazas dalgún centro educativo do concello supere a oferta, incluídas as prazas reservadas a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Artigo 12. *Composición das comisións de escolarización*

1. Cada comisión de escolarización estará constituída polos seguintes membros, nomeados pola persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación:

- a) Unha inspectora ou un inspector de educación, que exercerá a presidencia.
- b) Unha persoa titular da dirección dun centro público do ámbito de actuación da comisión de escolarización, por proposta da xunta provincial de directores.
- c) Un representante designado polas organizacións máis representativas dos centros concertados do concello. No caso de que non haxa centros concertados na zona, nomearase un segundo representante dun centro público.
- d) Unha persoa representante do concello que, preferentemente, exerza as súas funcións no ámbito educativo.
- e) Dúas persoas representantes de nais e pais de alumnas e alumnos dos centros do concello, un dun centro público e o outro dun centro privado concertado, por proposta das federacións e asociacións respectivas máis representativas. No caso de que non haxa centros concertados na zona, proporase un segundo representante dun centro público.
- f) Dous representantes do profesorado, un deles dun centro público, por proposta da xunta de persoal docente, e o outro por proposta das organizacións sindicais con representación no ensino concertado. No caso de que non haxa centros concertados na zona, nomearase un segundo representante dun centro público.



g) Unha funcionaria ou funcionario ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que actuará como secretaria ou secretario, con voz e sen voto.

2. O nomeamento efectuarase de acordo coas propostas formuladas, ou libremente, seguindo os criterios e proporcións establecidas nos puntos anteriores, cando o sector correspondente non formule ningunha proposta.

3. As organizacións, colectivos e institucións deberán promover, na composición da comisións de escolarización, o principio de representación equilibrada de mulleres e homes.

Artigo 13. *Funcións das comisións de escolarización*

1. As comisións de escolarización terán as seguintes funcións:

a) Informar as persoas interesadas sobre os centros docentes públicos e privados concertados e sobre as prazas dispoñibles neles.

b) Favorecer a distribución equilibrada do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou que se encontre en situación socioeconómica desfavorecida entre os diferentes centros e propoñer medidas correctoras tendentes ao logro deste obxectivo.

c) Supervisar o proceso de admisión de alumnado e o cumprimento das normas que o regulan, especialmente as relativas a evitar a segregación do alumnado por motivos socioeconómicos ou doutra natureza, e proporán, se é o caso, á persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación, a adopción das medidas que consideren adecuadas.

d) Propoñer as medidas que se xulguen adecuadas para a escolarización do alumnado que non obtivese praza escolar no centro solicitado preferentemente ou, que por calquera motivo, non dispoña de praza escolar.

2. As comisións de escolarización poderán solicitar dos centros educativos, dos concellos ou das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de educación, toda a documentación e información que consideren necesaria para o exercicio das súas funcións.

3. A persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación determinará a data de disolución das comisións de escolarización do seu ámbito



que, en todo caso, se producirá ao inicio do novo curso escolar. As súas funcións serán asumidas pola inspección educativa.

Sección 2ª. Tramitación do procedemento de escolarización

Artigo 14. Procedemento de admisión ordinario

1. O procedemento de admisión ordinario comprende a tramitación das solicitudes de reserva do alumnado procedente de centros adscritos e as de admisión presentadas en prazo.

2. O procedemento de admisión ordinario conclúe coa publicación da listaxe definitiva de admitidos e non admitidos ou, de ser o caso, coa escolarización do alumnado conforme a proposta de adxudicación subsidiaria de postos escolares que efectúe a respectiva comisión de escolarización.

3. Mediante a orde da persoa titular da consellería competente en materia de educación establecerase o modelo normalizado de solicitudes, a forma e o lugar de presentación destas, os prazos de resolución e o resto de trámites do procedemento.

4. Así mesmo, tamén se xestionará a escolarización do alumnado con solicitude presentada despois do remate do prazo de presentación de solicitudes e a data de publicación da listaxe provisional de admitidos e non admitidos.

Artigo 15. Adxudicación de postos escolares no procedemento de admisión ordinario

1. Cando os postos escolares dispoñibles no centro sexan suficientes para atender todas as solicitudes de reserva e/ou admisión presentadas en prazo, o centro incluírá este alumnado na lista de admitidos.

2. Cando os postos dispoñibles non fosen suficientes, a adxudicación de posto no centro indicado como primeira opción efectuarase seguindo a orde de prelación que resulte da puntuación total dos criterios de baremo alegados e acreditados.

3. Cando exista alumnado con solicitude en prazo que non estea admitido no centro docente indicado en primeiro lugar, deberá constituírse con carácter preceptivo a comisión de escolarización, que valorará de forma sucesiva as solicitudes para cada un dos centros indicados en que existan postos dispoñibles, seguindo a orde de preferencia manifestada na solicitude, para determinar a súa puntuación no centro concreto.



4. Se logo da adxudicación subsidiaria de postos escolares, hai alumnado que non obtén ningún dos postos indicados na súa solicitude, a comisión de escolarización proporá ao consello escolar dos centros públicos e á titularidade dos centros privados concertados, a través da xefatura territorial, a adopción das medidas necesarias para a súa escolarización nun centro sustentado con fondos públicos.

5. Cando existan solicitudes presentadas despois do remate do prazo de solicitude e antes da data de publicación da listaxe provisional de admitidos e non admitidos ou con outras deficiencias, a comisión de escolarización ou a xefatura territorial, cando aquela non se constituíse, proporá a adopción das medidas necesarias para a súa escolarización, tendo en conta a orde de preferencia manifestada na solicitude, se é posible.

6. Nos casos de perda do dereito a participar no procedemento en período ordinario, porque os datos da solicitude ou da documentación non se axusten ás circunstancias reais ou por ter presentado solicitude de reserva ou admisión sen renunciar expresamente á anterior ou anteriores, corresponderalle á persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación declarar a perda do dereito, logo de dar audiencia ás persoas interesadas e, así mesmo, adoptará as medidas necesarias para súa escolarización nun centro sostido con fondos públicos que dispoña de prazas vacantes.

Artigo 16. *Procedemento de escolarización extraordinaria*

1. O procedemento de escolarización extraordinaria comprende a tramitación, unha vez iniciado o curso escolar, das solicitudes de admisión motivadas por:

a) Traslado da unidade familiar por mobilidade forzosa das persoas proxenitoras ou titoras, discapacidade sobrevida de calquera dos membros da unidade familiar ou cambio de residencia derivado de actos de violencia de xénero.

b) Traslado de centro durante o curso sen cambio de localidade.

c) Incorporación tardía ao sistema educativo.

d) Inicio dunha medida de acollemento familiar.

e) Agrupamento da unidade familiar.

f) Situación de acoso escolar.



g) Outros casos de traslado da unidade familiar con cambio de localidade.

2. Así mesmo, tamén se tramitará en período extraordinario a escolarización do alumnado con solicitude presentada despois da data de publicación da listaxe provisional de admitidos e non admitidos e antes do inicio do curso escolar.

3. A persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación propondrá a adopción das medidas adecuadas para a escolarización deste alumnado nun centro docente público ou privado concertado, nos termos que estableza a orde que se dite en desenvolvemento deste decreto.

CAPÍTULO IV

Reclamacións e recursos

Artigo 17. *Reclamacións*

1. Contra os acordos do consello escolar dos centros públicos ditados no proceso de admisión de alumnado poderase formular reclamación ante o mesmo órgano, no prazo de cinco días, contados a partir do seguinte ao da súa publicación ou notificación.

A resolución da reclamación publicarase e/ou notificarase ás persoas interesadas no prazo de cinco días seguintes á súa presentación.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a xefatura territorial da consellería competente en materia de educación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación e/ou notificación.

2. Contra as decisións da persoa titular dos centros privados concertados no proceso de admisión de alumnado, poderase formular reclamación ante a mesma persoa, no prazo de cinco días contados a partir do seguinte ao da súa publicación e/ou notificación.

A resolución da reclamación publicarase e/ou notificarase ás persoas interesadas no prazo de cinco días seguintes á súa presentación.

Contra esta decisión poderase formular reclamación ante a xefatura territorial da consellería competente en materia de educación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación e/ou notificación.



3. As resolucións das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de educación porán fin á vía administrativa.

Artigo 18. *Incumprimentos*

1. O incumprimento das normas sobre admisión do alumnado polos centros docentes públicos dará lugar á apertura do correspondente procedemento administrativo, para os efectos de determinar as posibles responsabilidades en que puidesen incurrir.

2. A contravención das normas sobre admisión de alumnado polos centros privados concertados é causa de incumprimento do concerto por parte da titularidade do centro, de conformidade co previsto no artigo 62 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

Disposición adicional primeira. *Admisión do alumnado nos centros específicos de educación de persoas adultas*

A admisión de alumnado nos centros específicos de educación de adultos rexeráse pola súa normativa específica.

Disposición adicional segunda. *Centros privados non concertados*

De acordo co disposto no artigo 25 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, os centros docentes privados non concertados disporán de autonomía para establecer os criterios e determinar o proceso de admisión do alumnado neles, sen prexuízo do establecido no artigo 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Disposición transitoria única. *Vixencia das áreas de influencia*

As áreas de influencia existentes no momento de entrada en vigor deste decreto manterán a súa vixencia ata a resolución da consellería competente en materia de educación que determine a súa modificación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Coa entrada en vigor do presente decreto queda derogado o Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato re-



guladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG núm. 245, do 26 de decembro de 2012), e todas as normas de rango igual ou inferior no que se opoñan ao presente decreto.

2. Mantén a súa vixencia, no que non resulte incompatible co presente decreto, a Orde do 12 de marzo de 2013, reguladora do procedemento de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato (DOG núm. 53, do 15 de marzo), mentres non entre en vigor a orde de desenvolvemento do presente decreto que a substitúa.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Autorízase a persoa titular da consellería competente en materia de educación para ditar as disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do establecido neste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, tres de febreiro de dos mil vinte e dous

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

